

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS **Ordes, 2 de setembro de 2024**

Estimadas familias: Procedemos a enviarlles información acerca de normas xerais de funcionamento e organización do noso centro escolar.

PRIMEIRO DÍA (11 DE SETEMBRO)

Todo o alumnado de educación primaria (AGÁS O ALUMNADO DE 1º DE PRIMARIA) accederá ao centro cando sone a música ás 9:30) e dirixirase á aula que ocupou o curso pasado.

O alumnado de 1º EP agardará nas filas de entrada do curso pasado para ser recollido polos titores deste curso.

O alumnado de 5º e 6º de ed. Infantil agardará na fila de entrada do curso pasado para ser recollido polas titoras.

O alumnado de 4º de infantil atenderá ao horario presentado pola titora durante o período de adaptación.

Horario xeral ao longo do curso:

HORARIO DE ENTRADA.			
Educación	Nivel	Horario	Acceso ao recinto
primaria.	5º - 6º EP	09:30 h.	Cancela patio cuberto de entrada. (Entrada directa ás aulas ao sonar a música de comezo da xornada)
	3º - 4º EP		
	1º - 2º EP		
Educación	Nivel	Horario	Acceso ao recinto
infantil.	4º - 5º - 6º EI	09:32 h.	Cancela patio cuberto de entrada. (Agardan na fila correspondente ata que chegue a titora a recollelos) O alumnado de 4º de EI ao rematar o período de adaptación.
<ul style="list-style-type: none"> • Prégase puntualidade para non retrasar ou interromper o inicio das clases. • O alumnado de Primaria non usuario de transporte da Consellería entrará só. O alumnado de 4º, 5º e 6º de Infantil será recollido polas titoras nas filas correspondentes. • En caso de retraso, as familias non poderán acceder ás aulas, senón que deberán agardar na entrada do centro ata que o conserxe recolla e acompañe ao alumnado á aula e asinarán o xustificante correspondente, agás en caso de situación inaprazable. As familias teñen horario específico de atención por parte dos titores/as, os martes de 18:00 a 19:00, previa cita. 			
HORARIO DE SAÍDA.			
Educación	Nivel	Horario	Saída
primaria.	5º - 6º EP	14:30 h.	Cancela patio cuberto de entrada.
	3º - 4º EP		
	1º - 2º EP Posterior á saída de Ed Infantil		
Educación	Nivel	Horario	Saída
infantil.	5º e 6º EI	14:25 h.	Cancela patio cuberto de entrada. (saída escalonada 4º- 5º EI-6º EI-1º EP-2ºEP)
	4º EI	14:22 h.	Cancela patio cuberto de entrada.



Prégase puntualidade na recollida no centro ou no autobús.

Rógase non obstaculizar a cancela de saída e so aproximarse cando se vaia producir a saída do grupo do seu fillo/a, dado que sairán de menor a maior idade (dende 4º de infantil ata 6º de primaria)

Se a familia recolle a un alumno/a antes da hora de saída deberá asinar o documento de saída na conserxería e entregarllo ao conserxe para que este localice ó/á neno/a no espazo /aula oportuna.

Autorizacións e actualización de datos

O titor/a a comezo de curso, si se precisa, enviará un documento que contén con todas as autorizacións, datos persoais, persoas autorizadas e teléfonos de contacto de urxencia que cada familia debe completar e entregar de novo ao titor/a coa maior brevidade posible. Este documento inclúe:

- Datos persoais e familiares.
- Autorización que permita ás familias que o seu/súa fillo/a (maior de 10 anos) se desprace só/a desde o centro escolar ou desde o autobús ata o domicilio e viceversa.
- As persoas autorizadas para recoller e facerse cargo do/a neno/a.
- Autorización de imaxe: De acordo á normativa de protección de datos, todas as familias deberán actualizar a autorización do uso de imaxe polo centro escolar. As familias poderán revogar en calquera momento a súa autorización.
- Autorización de saída escolar pola contorna.
- Teléfonos de contacto en caso de urxencia.
- Outros datos relativos á saúde, conectividade dixital...
- Lembren comunicar sempre os cambios de domicilio ou de teléfono e, de ser necesario, comunicar datos alusivos ás custodias, tanto ao titor/a do alumno/a como ao equipo directivo ou persoal administrativo.

Horario de atención ao público do equipo directivo en días lectivos:

EQUIPO DIRECTIVO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:30		DIRECCIÓN	DIRECCIÓN		DIRECCIÓN
10:25		DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	SECRETARÍA	
11:20			DIRECCIÓN	XEFATURA	DIRECCIÓN
12:40	SECRETARÍA	DIRECCIÓN XEFATURA		XEFATURA SECRETARÍA	SECRETARÍA
13:35	XEFATURA			DIRECCIÓN SECRETARÍA	SECRETARÍA

Horario de atención ao público do persoal administrativo:

- 9:30 a 11:30
- 12:00 a 14:30

Préstamo e devolución de libros de texto

- O alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria beneficiario do préstamo de libros deberá forralos; non se poderá escribir neles e devolveranse íntegros e en boas condicións a finais de curso, nas datas que estableza o centro. As familias asinarán o documento correspondente e entregaránllo ao/á titor/a.



Número de teléfono do CEIP Campomaior

Para contactar co colexio deberán chamar ao 881880886.

AbalarMóbil

Lémbrese a importancia de descargar esta app por parte das familias. As comunicacións do centro serán enviadas a través desta aplicación e publicadas na web do centro.

Calendario escolar de acordo ao establecido pola Consellería. Non lectivos para o 2024-2025.

Mes	Día	
Setembro	11	Comezo das clases no 2º ciclo de educación infantil, educación especial e educación primaria.
Outubro	31	Día non lectivo. Día do Ensino.
Novembro	1	Día non lectivo. Día de Todos os Santos.
Decembro	6	Día non lectivo. Día da Constitución.
	23, 24, 25, 26, 27, 30, 31	Días non lectivos- Nadal.
Xaneiro	1, 2, 3, 6, 7	
Febreiro	28	Día non lectivo proposto polo centro
Marzo	3, 4, 5	Días non lectivos- Entroido.
Abril	14, 15, 16, 17, 18 e 21	Días non lectivos- Semana Santa.
Maio	1	Día non lectivo. Día da Festa do Traballo.
	2	Día non lectivo proposto polo centro
Xuño	20	Remate das clases

Os días non lectivos propostos polo claustro están pendentes de autorización por inspección educativa.

Se precisan aclaración de dúbidas, póñanse en contacto co centro.

O equipo directivo.